

Información sobre as diferentes materias impartidas no IES “Praia Barraña” de Boiro (A Coruña)

1 Identificación da materia

Denominación:
Literatura Universal (LiUn)

2 Características da materia

Etapa educativa: **[X]** Bacharelato **Curso:** **[X]** 1º **[]** 2º

Tipoloxía:
[] Común **[]** Obrigatoria de modalidade **[X]** De opción de modalidade **[]** Optativa

Carga lectiva semanal:
[] 1 hora **[]** 2 horas **[]** 3 horas **[X]** 4 horas

Materia de contidos progresivos: **[]** Si **[X]** Non **Materia vinculada de 2º curso:** --

Materia ponderable:
[] Si, pondera de cara ao acceso ao estudos universitarios **[X]** Non

Outras características:

- No IES “Praia Barraña” a materia ofertase dentro do bloque de materias optativas.
- Deberá contar cun **mínimo de 5 alumnos/as** para poder ser impartida.

3 Cal é a súa finalidade? Que contidos se traballan na materia?

- A principal finalidade desta materia é a de recoñecer as obras literarias máis significativas das diferentes épocas e autores/as universais, empregando unha metodoloxía totalmente práctica, para o que se precisa dunha participación activa por parte do alumnado, e tamén fomentar o gusto pola lectura.
- Lectura e análise de textos literarios universais de distintas épocas, interpretando o seu contido de acordo cos coñecementos adquiridos sobre temas e formas literarias, períodos e autores/as significativos/as.
- Realización de presentacións orais ou escritas planificadas integrando coñecementos literarios e lectura, cunha correcta estrutura do contido, argumentación coherente e clara das propias opinións, consulta e cita de fontes, selección de información relevante e utilización do rexistro apropiado.

4 Onde se pode consultar o currículo completo da materia?

- Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a *ordenación e o currículo do Bacharelato* na Comunidade Autónoma de Galicia ([DOG do 26 de setembro de 2022](#)).
- Accede ao currículo da materia a través do seguinte [enlace](#) ou consultando o código QR que se indica

